

# EMPREGO VERDE NAS RESERVAS DE BIOSFERA

Recursos do Territorio e Ferramentas para a Súa Posta en Valor

Formación a distancia + presencial  
2 setembro- 29 novembro 2019

## Programa

Accións gratuítas cofinanciadas polo FSE  
*Conseguir formación e un emprego de calidade*



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA



Fundación Biodiversidad



PROGRAMA  
**emplea  
verde**



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
*El FSE invierte en tu futuro*



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA

## EMPREGO VERDE NAS RESERVAS DE BIOSFERA

### RECURSOS DO TERRITORIO E FERRAMENTAS PARA A SÚA POSTA EN VALOR NAS RESERVAS DE BIOSFERA DE GALICIA

As Reservas de Biosfera, como elementos clave para o desenvolvemento do programa Man & Biosphere da UNESCO, son concibidas como territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. Este proxecto busca afondar neste modelo de desenvolvemento como fonte de emprego verde, dentro do territorio incluído nas Reservas de Biosfera galegas.

O patrimonio natural, cultural, paisaxístico, gastronómico, etc. existente no territorio das Reservas de Biosfera constitúe un valioso conxunto de recursos susceptibles de ser postos en valor en distintos ámbitos, como o educativo, o social ou o económico. Ábrese, pois, unha oportunidade para a creación de emprego verde baseada nos propios recursos endóxeos do territorio.

Este curso forma parte do proxecto “[Puesta en valor de los recursos naturales y patrimoniales de Reservas de Biosfera de Galicia y Asturias](#)”, cofinanciado polo FSE a través do Programa Empleaverde da [Fundación Biodiversidad](#), e a través do que o CEIDA pretende contribuír con este proxecto a través da formación de desempregados/as para facilitar a súa posterior incorporación ao mercado laboral.

## OBXECTIVOS

- Facilitar o coñecemento sobre os recursos naturais e patrimoniais presentes nas distintas Reservas de Biosfera galegas.
- Capacitar na adquisición de ferramentas de posta en valor dos recursos naturais e patrimoniais en distintos ámbitos (educativo, social e económico) baixo criterios de sostibilidade.
- Formar nas técnicas básicas de educación ambiental e interpretación do patrimonio.
- Dar a coñecer o potencial das Reservas de Biosfera para a produción agroalimentaria sostible e de proximidade, e a creación de emprego verde.

## ORGANIZACIÓN

O curso estrutúrase en tres bloques formativos de contidos teórico-prácticos impartidos por expertos nas distintas materias e incluírá visitas de campo para o coñecemento in situ de distintos elementos de interese tratados durante o curso.

**Duración:** 160 horas (120 horas de formación a distancia e 40 horas de formación presencial)

- **Do 2 ao 29 de setembro (formación online):** Módulo 1. Interpretación do Patrimonio Natural e Cultural.

- **Do 30 de setembro ao 4 de outubro (formación presencial):** Módulo 2. Coñecendo os Recursos do Territorio + Módulo 3. (parcial: Información e Documentación Ambiental).  
**Localización:** Castelo de Santa Cruz (Oleiros). **Horario:** mañanas de 9 a 14.00 h. y tardes de 16 a 19 h.
- **Do 7 de outubro ao 29 de novembro (formación online):** Módulo 3. Educación Ambiental.
- **Módulo 1. Interpretación do patrimonio natural e cultural.**

#### FORMACIÓN A DISTANCIA

Este módulo aportará as claves para o coñecemento e aplicación da Interpretación do Patrimonio, estratexia de comunicación que revela o sentido dun lugar, obxecto ou persoeiro ao público visitante. A mensaxe que transmite pódese ofrecer a través de diversos medios interpretativos e/ou a través de persoas que realizan ese traballo mediante un contacto directo con ese público, como guías intérpretes.

Polo tanto, a interpretación concíbese como unha ferramenta, unha metodoloxía de comunicación dispoñible para calquera profesional que teña entre as súas funcións a atención a un diverso tipo de visitantes considerados como público “non cautivo”.

Duración: 40 horas.

- **Módulo 2. Coñecendo os recursos do territorio.**

#### FORMACIÓN PRESENCIAL

Este bloque facilitará ao alumando os coñecementos sobre os recursos patrimoniais e naturais susceptibles de ser postos en valor nas Reservas de Biosfera GALEGAS, ademais de proporcionar conceptos básicos en materia de produción agroalimentaria sostible no territorio, posta en valor e circuitos curtos de comercialización.

Duración: 40 horas.

- **Módulo 3. Educación, Documentación e Información Ambiental.**

#### FORMACIÓN A DISTANCIA + PRESENCIAL

Segundo se definiu no Seminario Internacional de Educación Ambiental de Belgrado o ano 1975 o obxectivo da Educación Ambiental é formar unha poboación consciente e preocupada co medio ambiente e cos problemas asociados, e que teña coñecemento, aptitude, actitude, motivación e compromiso para traballar individual e colectivamente na procura de solucións para os problemas existentes e para previr novos.

Neste módulo coñeceranse as claves da Educación Ambiental en Galicia e conceptos para o seu deseño, planificación, execución e avaliación, ademais de conceptos básicos de documentación e procura de información ambiental claves para tanto para o coñecemento do territorio como para a realización de programas de Educación Ambiental.

Este módulo impartirase de maneira online excepto os temas relacionados coa información e documentación ambiental, nos que se realizarán xornadas teóricas e obradoiros na semana de formación presencial.

Duración: 80 horas.

## CRONOGRAMA

|                    |                    |                    |                    |                   |                   |                   |
|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| 02-sep             | 03-sep             | 04-sep             | 05-sep             | 06-sep            | 07-sep            | 08-sep            |
| M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE |
| 09-sep             | 10-sep             | 11-sep             | 12-sep             | 13-sep            | 14-sep            | 15-sep            |
| M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE |
| 16-sep             | 17-sep             | 18-sep             | 19-sep             | 20-sep            | 21-sep            | 22-sep            |
| M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE |
| 23-sep             | 24-sep             | 25-sep             | 26-sep             | 27-sep            | 28-sep            | 29-sep            |
| M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE  | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE | M1 – IP<br>ONLINE |
| 30-sep             | 01-out             | 02-out             | 03-out             | 04-out            | 05-out            | 06-out            |
| M2 –<br>PRESENCIAL | M2 –<br>PRESENCIAL | M2 –<br>PRESENCIAL | M2 –<br>PRESENCIAL | M2 –<br>SAÍDA     |                   |                   |
| 07-out             | 08-out             | 09-out             | 10-out             | 11-out            | 12-out            | 13-out            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           | M2 - EA           | M2 - EA           |
| 14-out             | 15-out             | 16-out             | 17-out             | 18-out            | 19-out            | 20-out            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           | M2 - EA           | M2 - EA           |
| 21-out             | 22-out             | 23-out             | 24-out             | 25-out            | 26-out            | 27-out            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           | M2 - EA           | M2 - EA           |
| 28-out             | 29-out             | 30-out             | 31-ot              | 01-nov            | 02-nov            | 03-nov            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           | M2 - EA           | M2 - EA           |
| 04-nov             | 05-nov             | 06-nov             | 07-nov             | 08-nov            | 09-nov            | 10-nov            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           | M2 - EA           | M2 - EA           |
| 11-nov             | 12-nov             | 13-nov             | 14-nov             | 15-nov            | 16-nov            | 17-nov            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           | M2 - EA           | M2 - EA           |
| 18-nov             | 19-nov             | 20-nov             | 21-nov             | 22-nov            | 23-nov            | 24-nov            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           | M2 - EA           | M2 - EA           |
| 25-nov             | 26-nov             | 27-nov             | 28-nov             | 29-nov            | 30-nov            | 01-dic            |
| M3 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA            | M2 - EA           |                   |                   |

## Módulo I - INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

Imparten:

- Isabel Fernández Domínguez, Consultora e formadora freelance en Comunicación Patrimonial e Accesible, Interpretación do Patrimonio, Participación e Ecoturismo, e Educación Ambiental.
- María Antonio López Pérez, Directora de Proxectos de Entorno Anfigo S.L , desenvolve os seus servizos no campo da Interpretación do Patrimonio, a Educación Ambiental, a Formación e a Accesibilidade.

Luns 2 de setembro a domingo 29 de setembro.

40 h. de docencia online.

## Módulo II –COÑECENDO OS RECURSOS DO TERRITORIO

### Luns 30 de setembro

09.00 – 11.30 h. **Retos ambientais e a protección do patrimonio natural: espazos naturais protexidos.**

12.00 – 14.00 h. **As Reservas de Biosfera de Galicia.**

16:00 – 19:00 h. **Patrimonio Cultural das Reservas de Biosfera de Galicia.**

### Martes 1 de outubro

09.00 – 11.00 h. **Patrimonio Xeolóxico nas Reservas de Biosfera de Galicia.**

11.30 – 14.00 h. **Vexetación e hábitats das Reservas de Biosfera de Galicia.**

16.00 – 19.00 h. **Fauna das Reservas de Biosfera de Galicia.**

### Mércores 2 de outubro

09.00 – 14.00 h. y 16:00 – 19:00 h. **Xestión e facilitación de grupos. Ferramentas e metodoloxías.**

### Xoves 3 de outubro

09.00 – 14.00 h. **Información y Comunicación Ambiental.**

16.00 – 19.00 h. **Documentación Ambiental.**

## Venres 4 de outubro

16.00 – 19.00 h. **Visita de estudo: recursos naturais e patrimoniais das Reserva de Biosfera de Galicia.**

## **Módulo III – EDUCACIÓN, DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL**

Imparte:

- Isabel Fernández Domínguez, Consultora e formadora freelance en Comunicación Patrimonial e Accesible, Interpretación do Patrimonio, Participación e Ecoturismo, e Educación Ambiental.

Luns 7 de outubro a venres 29 de novembro

80 h. de docencia online.